

RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DO SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA, POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DO PERSOAL AUXILIAR DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE CINCO PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO INTEGRADAS DENTRO DO GRUPO C, SUBGRUPO C2, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2019, POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA.

Consonte á base 8ª das bases xerais que rexen a convocatoria do proceso selectivo convocado para a provisión, polo sistema de promoción interna, de cinco prazas de auxiliar administrativo da escala da administración xeral (Grupo C, subgrupo C2), incluídas na oferta de emprego público do ano 2017, publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 50, de data 12 de marzo de 2020, o tribunal cualificador, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación ao seu traballo de asesores especialistas para as probas, coas labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración e as súas especialidades técnicas.

Dado o carácter técnico da corrección da proba a realizar, consistente na realización dunha proba de coñecemento práctico, a nivel usuario, de contorno operativo Windows, manexo de ferramentas de ofimática (Libre Office) e de utilidades básicas de internet en dito contorno (navegación, correo electrónico, etc.), o tribunal acordou a incorporación de persoal auxiliar para a colaboración no desenvolvemento do amentado exercicio.

Xa que logo, esta concellería de goberno, no exercicio das súas atribucións delegadas,

RESOLVE

Primeiro.- Designar, en calidade de membro auxiliar, **para a corrección por medios informáticos** do segundo exercicio da fase da oposición, consistente na realización dunha proba de coñecemento práctico, a nivel usuario, de contorno operativo Windows, manexo de ferramentas de ofimática (Libre Office) e de utilidades básicas de internet en dito contorno (navegación, correo electrónico, etc.), a don Santiago Pérez Agra, técnico superior enxeñeiro informático do Servizo de Informática do Concello de Pontevedra, sendo o seu suplente don José Ramón Rodríguez Tourón, xefe do Servizo de Informática do Concello de Pontevedra.

Segundo.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, situado no baixo do edificio sito na rúa de Michelena número 30, para xeral coñecemento e efectos e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal)

Así o ordena e dispón a concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura, no exercicio das súas atribucións delegadas, en Pontevedra, na data da sinatura electrónica, do que eu, Secretario da Administración Municipal, dou fe.

